



# Padrón



## **XLIII CARREIRA POPULAR DE PASCUA**

**DATA:** 30 DE MARZO DE 2024

**HORA:** A PARTIR DAS 10:30 h

**LUGAR:** PADRÓN (PRAZA DE MACÍAS)

**DISTANCIA:** DE 100 m A 13.300 m

**ORGANIZA:** CONCELLO DE PADRÓN

## **REGULAMENTO**

### **1.-PARTICIPACIÓN**

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha única clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

### **2.-CATEGORIAS DE PARTICIPACION**

- |                               |  |
|-------------------------------|--|
| ✗ <b>*SUB 6 M/F:</b>          | atletas nados/as no 2019 e posteriores |
| ✗ <b>*SUB 8 M/F:</b>          | atletas nados/as nos anos 2017 e 2018  |
| ✗ <b>SUB 10 M/F:</b>          | atletas nados/as nos anos 2015 e 2016  |
| ✗ <b>SUB 12 M/F:</b>          | atletas nados/as nos anos 2013 e 2014  |
| ✗ <b>SUB 14 M/F:</b>          | atletas nados/as nos anos 2011 e 2012  |
| ✗ <b>SUB 16 M/F:</b>          | atletas nados/as nos anos 2009 e 2010  |
| ✗ <b>SUB 18 M/F:</b>          | atletas nados/as nos anos 2007 e 2008  |
| ✗ <b>SUB 20 / SUB 23 M/F:</b> | atletas nados/as entre 2002 e 2006     |
| ✗ <b>SENIOR M/F:</b>          | atletas nados/as entre 1989 e 2001     |
| ✗ <b>MÁSTER 1 M/F:</b>        | atletas nados/as entre 1978 e 1988     |
| ✗ <b>MÁSTER 2 M/F:</b>        | atletas nados/as entre 1968 e 1977     |
| ✗ <b>MÁSTER 3 M/F:</b>        | atletas nados/as en 1967 e anteriores  |

\* As categorías SUB-6 e SUB-8 non son competitivas, polo cal non haberá clasificacións.

### **3.-DISTANCIAS E HORARIOS:**

A saída das probas estará situada na Praza de Macías na localidade de Padrón. Os horarios das probas e distancias resúmense no seguinte cadro:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
10:30H	SUB 6	100 mts aprox.
10:40H	SUB 8	425 mts aprox.
10:50H	SUB 10	625 mts aprox.
11:05H	SUB 12	625 mts aprox.
11:15H	SUB 14	2 kms aprox.
11:30H	SUB 16 - SUB 18	3,5 kms aprox.
12:00H	SUB 20 / SUB 23 - SENIOR - MÁSTER	13,3 kms aprox.

#### 4.-INSCRICIÓN E PRAZOS

O prazo de inscrición dos participantes pecharase o mércores 27 de marzo ás 23:59 h. Non se aceptarán inscricións fóra do prazo indicado.

As inscricións en todas as súas categorías realizaranse na web [www.deporticket.com](http://www.deporticket.com)

#### PREZO DA INSCRICIÓN

- Categorías escolares (ata sub 18): **De balde**
- Adultos (proba absoluta): **7 €**

#### 5.-DORSAIS e CHIPS

A recollida de dorsais realizarase o día da carreira nunha carpa situada no Paseo do Espolón a partir das 09:30 h e ata media hora antes do inicio de cada proba.

Os dorsais-chip outorgados pola organización son persoais e intransferibles. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais-chips fóra dese prazo. O dorsal deberá ir colocado na parte anterior do corpo, en toda a súa extensión e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal-chip será descualificado a criterio do xuíz árbitro da proba.

#### 6.-DESCUALIFICACIÓNS

Todo/a corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA en vigor referentes a probas en ruta, será descualificado a criterio do xuíz arbitro da competición.

Todas as reclamacións deberán ser dirixidas ao xuíz árbitro da competición cun prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

## **7.-TROFEOS,MEDALLAS E AGASALLOS**

- Medallas para os/as participantes nas categorías escolares.
- Trofeos para os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento, a excepción das categorías SUB 6 e SUB 8 (categorías non competitivas)
- Trofeo especial de Pascua para os/as 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta.
- Trofeos para os 3 primeiros equipos clasificados.

A clasificación por clubs federados será establecida a través dos 6 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade.

En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 6º compoñente.

Os equipos poderán ser mixtos.

- Trofeo para o/a 1ºª corredor/a local da proba absoluta.
- Trofeo Participación, ao clube con máis corredores inscritos que finalicen a proba.
- Trofeo Supermáster, ao participante de máis idade que finalice a proba, indistintamente sexa home ou muller.

### **Os premios non serán acumulativos (agás os dos/as corredores/as locais)**

*Entregarase un agasallo conmemorativo do evento a cada participante.*

## **8. ENTREGA DE TROFEOS**

### **CATEGORÍAS ESCOLARES (ATA SUB 18)**

Os/as participantes recibirán unha medalla pola súa participación tras cruzar a liña de chegada.

Os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría escolar recibirán os seus trofeos inmediatamente despois da saída da proba absoluta, ás 12:00 horas na Praza de Macías.

Os participantes premiados que non acudan ao acto de entrega de trofeos, non terán dereito aos mesmos posteriormente.

### **ADULTOS**

Unha vez rematada a proba absoluta, a entrega de trofeos será na Praza de Macías, en torno ás 13:15 horas.

Os participantes premiados que non acudan ao acto de entrega de trofeos, non terán dereito aos mesmos posteriormente.

## **9.- USO DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE**

Todos/as os/as participantes no momento de realizar a súa inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxen nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc.). Todos os dereitos de imaxe pertencen ao organizador (Concello de Padrón).

## **10.- SERVIZOS PARA OS/AS PARTICIPANTES**

Todos/as os/as participantes disporán dos seguintes servizos:

- Servizo de duchas nos Pavillóns municipais: Pavillón do Grupo Escolar e Pavillón do Souto. Ambos pavillóns quedan a escasos metros da liña de meta. Horario: 10:30 horas a 14:00 horas.
- Obsequio a todos/as participantes
- Avituallamento intermedio (km 6,8 aprox.) e na liña de meta.
- Servizo de cronometraxe por chip (emesports).
- Sinalización kilométrica.
- Servizo de gardaroupa.
- Fotografía profesional.
- Servizo de ambulancia, médico e sanitario.
- Seguro de accidente deportivo para o corredor e RC do evento.

## **11.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS**

- A organización reservase a potestade de cambiar os percorridos definidos, horarios ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas aos participantes.
- Calquer aspecto non recollido neste regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA e RFEA (por este orde) para probas en ruta en vigor.
- A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puideran ocasionar, ocasionarse ou derivasen da participación destes nas probas. A organización tampouco se responsabiliza dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse.
- Todos/as os/as atletas inscritos nas probas darán por aceptado o presente regulamento e o descoñecemento do mesmo non exime do seu cumprimento.
- Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información relativa ás probas nas webs:

**[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)**

**[www.deporticket.com](http://www.deporticket.com)**

**[www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)**

**[www.correrengalicia.org](http://www.correrengalicia.org)**

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consiente expresamente que os seus datos básicos sean cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal e como establece a ley de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os sus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

**Todo participantes polo xeito de inscribirse permite que as imaxes, videos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas rrs e páxinas webs oficiais.**